

TODOS OS ANIMAIS FALAN

Señor director da revista *To Pick On*:

Como veterinaria xefe de Metamorfose, véxome na obriga de saír ao paso ante a groseira manipulación que das miñas declaracións veñen de facer na reportaxe por vostedes titulada *Un asunto kafkiano: A cantante Penélope Lamar interna ao seu querido Ulises na selecta clínica de saúde mental Metamorfose, despois dun confuso intento de suicidio*.

Recibín con amabilidade ao reporteiro de *To Pick On* e, co permiso da nosa clienta, accedín a responder a algunhas preguntas sobre a personalidade de Ulises. Traizoaron esa confianza, ao terxiversar unha información moi delicada. Agora lamento non terlles dado unha mordedura.

Aproveito a ocasión, e posto que o saber non ocupa lugar nin a cultura xeral prexudica a saúde, mesmo tratándose da saúde dos xornalistas, para aclararlles que nin sequera atinan cando asocian o adxectivo kafkiano co nome do noso establecemento. A vostedes pode parecerlles unha confusión irrelevante, tratándose dunha publicación frívola e sensacionalista, por definila con benevolencia. Ademais, e segundo tivo a gracia de explicarme por teléfono, aos seus lectores impórtalles un pito Kafka e un carallo Ovidio, o que demostra a pouca estima que teñen polo seu traballo, a súa mercadoría e o seu público. Por certo, que na devandita conversa telefónica vostede confundira a Ovidio cun futbolista brasileiro debería ser suficiente motivo para desistir nesta miña empresa aclaratoria, pois é como gastar cera en ruín defunto. Mais saiba que teño dúas especialidades: a Psicoloxía Animal e a Paciencia.

As verbas non son inocentes e, como xa ocorría co barbeiro de Kamala, a lingua afiada pode facer máis dano que unha navalla. Se consultasen o diccionario, supoñendo que teñan algún na redacción, verían que o apelativo kafkiano, tan manido entre os do seu oficio, ten a significación de algo «que resulta inquietante polo absurdo ou carencia de lóxica e que lembra a atmosfera das novelas de Kafka» Neste caso, o seu reiterado uso, en titular e texto da reportaxe, ¡trece veces!, mergulla ao noso establecemento nunha atmosfera de secretismo e sospeita.

En realidade, Metamorfose debe o seu nome ao grande clásico latino Publio Ovidio Nasón (A propósito, e xa que trato con rexoubeiros, direille que o alcume de Nasón veu dado polo tamaño do nariz nesta nobre familia). Mesmo estiven tentada en chamarlle á clínica O Soño, como un dos capítulos de *As metamorfoses*, onde se narra con moi poucas verbas o amor de Alcione, a filla de Eolo, o deus do vento, e Ceix, fillo dun astro. Tal vez, si, tal vez, a máis fermosa historia de amor endexamais contada.

Imaxino o seu sorriso resabido e cínico, señor director. Falar de amor en *To Pick On* é como cantar unha canción de berce nun tanatorio. Pero o que segue vén como anel ao dedo para o obxecto desta carta.

En resumo: Ceix marchou nunha viaxe mariña, non sen antes facerlle unha firme promesa a Alcione: «Regresarei a ti antes de que a lúa encha por completo o seu disco por dúas veces.» Pero o desexado viaxeiro non chega nese prazo nin despois. Alcione pasea pola costa e lamenta a súa ausencia: «Aquí soltou os amarres, nesta praia bicoume ao marchar.» De socato, ve un cadáver que flota na auga: «¡Ai, malpocado, quenquer que sexas, e a túa muller tamén, se é que a tes!» Até que comproba con arrepío que é a Ceix a quen arrastra o mar. E entón dille, fíxese na marabillosa precisión sentimental

do laio: «¿Así, queridísimo, así, desventurado, vés cara a min?» E daquela Alcione salta dende o peirao pero o vento, o seu pai, levántaa no aire e os seus brazos alónganse en ás. E pousa sobre o frío corpo do afogado e bícao co seu peteiro de ave e os deuses, a petición do pobo, que ten corazón para estas cousas, permiten que Ceix volva á vida en forma de paxaro e a parella ámase e aniña sobre o mar.

Así contou Ovidio a orixe dos alcións, que hoxe se identifican cos picapeixes ou martiños peixeiros.

¿Que tal, director? Non é a típica historia de *To Pick On*, pero tampouco está mal, ¿non si?

Ben, xa sabe o porqué de Metamorfose. Agora vou intentar responder, un por un, aos seus comentarios do xénero parvo pero non inofensivos, pois a maldade do atrevido pode ser tan daniña como unha picadura de avésa ou unha china no zapato.

O que di *To Pick On*: «Segundo a directora de Metamorfose, a doutora veterinaria Sol Doval, Ulises está dotado dunha sensibilidade especial para a música. 'É como se tivese os tímpanos feitos con membrana de ás de bolboretá'. *Primeiro Guau*: ¿Non me diga? Os donos e os cans adoitan parecerse. ¡Xa sabemos en qué NON se parecen a cantante Penélope e o seu can! El si sabe música. ¿E que prefire? Pois segundo a ínclita doutora veterinaria, gústalle Schubert, o reggae de Bob Marley e emociónase co fado *Estranha forma de vida* de Amalia Rodrigues. ¡O que hai que oír!»

O meu tempo: Existen medios moi precisos, por exemplo *a curva da demanda de Dawkins*, para coñecer os gustos e as preferencias de seres como Ulises, aínda que sospeito que co seu reporteiro só funcionaría o experimento dos actos reflexos de Pavlov. Ulises pode expresar o seu desexo de escoitar,

por exemplo, *No woman no cry* de Bob Marley dun xeito non moi distinto a como nós seleccionamos esa canción na gramola dun bar. Os seus coñecementos musicais, por suposto, sonlle aprendidos e iso é mais mérito de Penélope que noso. A capacidade de aprendizaxe musical existe en moitos animais. Hai paxaros que se namoran do chouchío doutros, e apréndeno, ¡e abandonan o seu!, aínda que tamén é certo que onde mellor canta un paxaro é na póla do seu niño.

O que di *To Pick On*: «A doutora Doval asegura, sen pestanexar, que entre Penélope e Ulises existe un nivel de comunicación semellante (repito, lectores, ¡semellante!) ao de dúas persoas na intimidade. Preguntada se iso significa que Ulises comprende a linguaxe humana, a directora de Metamorfose responde sen dubidar: '¡Por suposto!'

–Entón, ¿tamén entende os conceptos abstractos como... o amor?

–O amor –responde a doutora Doval– só é un concepto abstracto para quen non o ten.

–¿E fala? –pregunto xa lanzado–. ¿Podemos dicir que Ulises fala?

A doutora Doval mírame estrañada, como se preguntase unha que cae de caixón:

–¡Claro que fala! ¿Aínda non sabe vostede que todos os animais falan?

Segundo Guau: Pois non, señora, non sabía eu que todos os animais falaban. Ao saír da súa consulta, saudei un pastor alemán, un dogo belga, un husky siberiano, un setter irlandés, un mastín dos Pireneos e un palleiro galego con idéntico resultado: Non se dignaron dirixirme a palabra. ¿En que clase de facultade lle deron o título a esta guapa veterinaria? Todas estas macacadas, mestura de pseudociencia, ecoloxía mal entendida e animismo acomplegado, ¿non nos están levando cara a unha nova superstición? Un can é un can, por

importante que sexa a súa compañía. ¿Ou vai resultar agora que é Ulises quen inspira as cancións de amor de Penélope? Pola nosa parte, estas declaracións ratificannos no que xa temos apuntado: A cantante está como unha cabra, e a psicóloga de animais, tocada de ala.»

A miña vez: O repoteiro recortou a metade da argumentación para aquelar a caricatura que el xa tiña prevista. É certo que dixen que todos os animais falan. E repíto: Todos os animais falan, incluso os periodistas de *To Pick On*. Pero omitiu adrede unha cita fundamental de Ludwig Wittgenstein que daba sentido ás miñas palabras: «Se un león puidera falar, nós non o entenderíamos.» En canto á relación de Penélope Lamar e Ulises díxenlle que podía ser, en canto a afecto, tan estreita como a de dúas persoas... ou como a de dous cans. Depende de como se mire. É unha forma de falar. Explicao dun xeito moi sinxelo Stephen Budiansky: «É un lugar común dicir dun can que se comporta como un humano, pero unha mellor análise da situación sería dicir que o can pensa que nós somos cans.» Por outra banda, ¿que hai de malo se fora certo que Ulises inspira as cancións de amor de Penélope? Os fermosos sentimentos enriquecen a quen os ten e é quen de expresalos, independentemente da natureza do destinatario.

Eramos conscientes de que este asunto se prestaba á burla e ao morbo se chegaba a oídos de indeseables sen escrúpulos, como por desgracia así foi. Nunha ocasión atendín a unha elefanta de circo. Puxéranlle demasiada anestesia, cinco litros, para operala dunha moa e non puidemos facer nada para salvala. O domador chorou de pena. E contoume que el falaba coa elefanta en catro idiomas, pero que na intimidade só se dirixía a ela en italiano, *¡Oh, la mia piccolina!*, e a femia rodeábo coa súa trompa e

levantábo no ar. Cando eu estou enferma, o meu gato sae ao parque e tráeme ratos á cama.

O que di *To Pick On*: «Pese á nosa insistencia, a doutora Doval non aporta unha explicación convincente sobre as causas do internamento de Ulises na clínica Metamorfose. Fálase dun intento de suicidio, ¿é iso posible nun can? ‘¡Claro que é posible!’ responde a doutora coa súa pachorra habitual. ‘Os animais tamén sofren depresións que poden conducirlos á desgana de vivir’. Todo parece indicar que a feliz vida de Ulises se torceu cando entrou en escena o batería do grupo O Artilleiro Flannagan, con quen Penélope iniciou o que se chama un apaixonado romance. ¿Pode un animal sufrir un desengano sentimental?, preguntámoslle á doutora. ‘¿E vostede que pensa?’ dime ela cravándome a súa mirada da cor da azurita sobre branco de chumbo. Terceiro Guau: Aquí, con perdón, hai gato encerrado. Hai rumores para todos os gustos, algúns incluso de mal gusto, pero que nós, cumprindo co deber de informar, non debemos deixar de consignar. ¿Estamos ante unha operación publicitaria? Un drama con animal por medio entenrece a un mundo que cada vez se parece máis a Disneylandia. ¿Será certo que Ulises entrou na clínica ás portas da morte cunha ferida de bala? ¡A resposta no vindeiro número de *To Pick On!*»

A miña resposta: Comezarei polo final, por tratarse dunha moi grave insinuación. Se fose certo o que se apunta como rumor, eu sería a primeira en denunciar o feito. Despois do exposto, ¿cre alguén que permanecería impasible ante o intento de asasinato dun can? Unha cousa é que un se senta como se lle deran un tiro –esa foi a expresión do meu axudante– e outra que lle pegaran un tiro. O que sofre o noso doente é unha forte depresión. O arrogante repoteiro desprezou a ampla explicación que lle dei sobre o

padecemento mental nos animais. Ás veces por motivos de aparencia banal. Recentemente, atendín a un cabalo, un auténtico campión, que de súpeto se negou a participar nas carreiras. Crían que era un problema fisiolóxico e intentárono todo coa mulomedicina. Á fin resultou que non lle gustaban nin a cor da corte, que fora repintada, nin un novo coidador, que levaba o bigote ao káiser. Eran os típicos caprichos dunha estrela do deporte. Pero tiña as súas razóns. Antes coidaba del unha muller con mans de seda e crinas, digámolo así, brillantes e lisas como o acibeche. O caso de Ulises é, ao tempo, máis sinxelo e máis complicado. Ten o corazón partido. Négase a comer. E odia a música folkly.

Iso é todo.

Sinto que lesionaran o meu honor profesional e comparto a amargura de Charles Darwin cando, ante as empurradas da ignorancia, escribía a un amigo: «Debería ter sido vostede avogado en vez de botánico.»

Manuel Rivas, *As chamadas perdidas*.